

Condicións do Campamento Descubre a Baixa Limia 2016



1. Introducción

O campamento de verán Descubre a Baixa Limia é un proxecto lúdico e educativo que inclúe a programación e o desenvolvemento de actividades relacionadas coa natureza, deportes, actividades ó aire libre, xogos, xogos de sala, artísticas e calquera outra que contribúa a ese obxectivo. O campamento distribuirase en 2 quendas que terán lugar nas seguintes datas:

- **Primeira quenda: do 16 ao 22 de agosto (nenos/as do ano: 2001-02-03-04)**
- **Segunda quenda: do 23 ao 29 de agosto (nenos/as do ano: 2005-06-07)**

2. Lugar de realización

Nas instalacións do Complexo do Corgo, en Muíños.

3. Actividades

- - Xogos e deportes
- - Actividades náuticas
- - Actividades ó aire libre, de natureza e sobre o medio natural
- - Actividades artísticas
- - Actividades nocturnas
- - Teatro e contacontos
- - Baile, actividades culturais

4. Destinatarios

Rapaces e rapazas que teñan o seu domicilio habitual en calquera dos concellos de Galicia (**feito que se acreditará mediante un certificado ou volante de empadramento**), nados entre os anos 2001 e 2007, ambos os dous incluídos.

5. Solicitude de prazas

Poderanse solicitar as prazas mediante a entregada dunha folla de solicitude dende o mércores **29 de Xuño ás 9 da mañá enviando a solicitude a campamentos@sustinea.org**

6. Adxudicacións

As prazas adxudicaranse por orde de recepción.

7. Prezo

O prezo será de **88 euros por neno/a**